

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Currás Valle, Consuelo  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Garrote Velasco, Gil  
Lavilla Beltrán, Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel  
González López, Raquel  
Rico Fuentes, Juan Jesús

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoán  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Pérez Gómez, Luis  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ferreiro Vázquez, Óscar  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lantarón Caeiro, Eva María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 18 de setembro de 2020, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 18 de setembro de 2020 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e outros dez membros asisten presencialmente no Paraninfo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*
- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*
- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*
- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os puntos da orde do día son os seguintes:

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria, do 28 de xullo de 2020.**

O secretario xeral informa de que non se recibiron solicitudes de modificación da acta.

Apróbase por asentimento a acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de xullo de 2020.


### **2. Informe do reitor.**

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- **PCRs persoal (PDI e PAS).** Ao inicio de curso 3000 probas. A partir de aí, mostraxe semanal entre o alumnado e o persoal, segundo rutas aleatorias. Reforzo cando xurdan casos positivos. O persoal que vaia a ser analizado, deberá recoller un tubo na conserxería do seu centro cando reciba o aviso, recibirá un código QR por correo electrónico e deberá instalar unha aplicación no móbil. Na mañá seguinte deberá recoller saliva no tubo e, coa aplicación do móbil, sacar foto ó tubo (leva un código de barras) e así faise a conexión entre o QR persoal e o tubo, para a comunicación de positivos cando os houbera. Logo, pola mañá, debe deixar o tubo de novo na conserxería. Ese mesmo día as mostras dos tres campus remitiranse ó Cunqueiro para a súa análise.
- **Formación dos responsables COVID** dos centros e coordinación.
- **Teledocencia.** Mantense FAITIC un ano (por ter materias en Claroline). Poñemos en marcha unha nova plataforma, cun sistema máis moderno de entrada, unicamente en Moodle 3.9 para todo o mundo que o queira utilizar. Pregamos que animedes ó persoal a migrar a esta utilidade.
- **Campus Integra.** Para aqueles centros que se sumaron a esta iniciativa, dispoñemos de aulas preparadas para impartir docencia simultaneamente a alumnos presenciais in situ e en remoto. As aulas estarán antes do 21 de setembro. Os equipamentos para o profesorado deses centros están en concurso xa resolto a pasada semana, teñen como máximo un mes para subministrar os equipos.
- **Ordenadores para os profesores que van a utilizar Aula Integra no primeiro cuatrimestre (500 ordenadores).** Os gañadores do concurso non teñen ordenadores para servir no tempo que saía como obrigatorio. Estamos a buscar alternativas.
- **Modificacións nos edificios.** Aulas (separación 1,5 metros), novos espazos docentes, salóns de actos e outros espazos novos.
- **Vulnerabilidade.** As decisións sobre quen pode considerarse vulnerable están taxadas, e hai que seguir o procedemento legal para a determinación. As persoas que sexan consideradas vulnerables, poderán impartir clase dende o seu despacho si esta é a adaptación recomendada polos responsables.

Grupos vulnerables	Patología controlada				Patología descompensada				Comorbilidad ≥ 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral												
Enfermedad cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermedad pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermedad hepática crónica severa	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Insuficiencia renal crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Inmunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cáncer en tratamiento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
Mayores de 60 años	Sin patología				Patología controlada				Patología descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
Obesidad mórbida (IMC>40)	Sin patología añadida				Patología añadida controlada				Patología añadida descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4

- Recómendase que todo o persoal instale a aplicación RADAR-COVID e, se finalmente a Xunta lanza a aplicación propia, instalar ambas (a estatal e a galega).
- Adicionalmente, controlárase a presenza simultánea nas aulas (en relación coas análises propias da Uvigo) de alumnado e profesorado, para o que se vai instalar un código QR que permitirá, previo rexistro, saber en que posición está o alumno na aula
- **Datos provisorios de matrícula en primeiro.** No quinto chamamento temos xa mais alumnos totais matriculados que prazas ofertadas, compensando algunhas sobrematriculas a aquelas titulacións con problemas. Falando de grados, temos problemas en: Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Agraria, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Enxeñaría Forestal e Turismo. Cando rematen os chamamentos, reuniremonos cos equipos correspondentes para trazar estratexias cara ao vindeiro curso.



### Campus de Vigo

Código	Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%
V03G020V01	Grao en Administración e Dirección de Empresas	200	210	105.00
V55G020V01	Grao en Administración e Dirección de Empresas	60	48	80.00
V02G030V01	Grao en Bioloxía	75	89	118.67
V01G400V01	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	40	11	27.50
V01G404V01	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	10	7	70.00
V10G061V01	Grao en Ciencias do Mar	70	76	108.57
V06G270V01	Grao en Comercio	90	92	102.22
V08G081V01	Grao en Dereito	70	85	121.43
V03G100V01	Grao en Economía	60	68	113.33
V51G110V01	Grao en Educación Infantil	75	75	100.00
V51G120V01	Grao en Educación Primaria	75	75	100.00
V52G140V01	Grao en Enfermaría	50	55	110.00
V53G140V01	Grao en Enfermaría	70	78	111.43
V12G420V01	Grao en Enxeñaría Biomédica	44	48	109.09
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	50	36	72.00
V05G301V01	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	130	112	86.15
V05G306V01	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	20	18	90.00
V09G311V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	50	2	4.00
V12G320V01	Grao en Enxeñaría Eléctrica	50	50	100.00
V12G330V01	Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	70	86	122.86
V12G340V01	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	64	75	117.19
V12G350V01	Grao en Enxeñaría en Química Industrial	50	51	102.00
V12G360V01	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	60	70	116.67
V12G363V01	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	20	7	35.00
V12G380V01	Grao en Enxeñaría Mecánica	110	117	106.36
V01G180V01	Grao en Linguas Estranxeiras	50	58	116.00
V11G201V01	Grao en Química	60	69	115.00
V08G211V01	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	72	74	102.78
V01G230VEF	Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés)	20	20	100.00
V01G230VEI	Grao en Tradución e Interpretación (Español-Inglés)	60	70	116.67
V01G230VGI	Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)	40	27	67.50
V03G720V01	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	40	51	127.50
V12G760V01	PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica/Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	6	9	150.00
V12G750V01	PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica/Grao en Enxeñaría Mecánica	6	9	150.00
V12G770V01	PCEO Grao en Enxeñaría Mecánica/Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	10	15	150.00
<b>Nº. de Prazas Ocupadas no Campus de Vigo :</b>			<b>2043</b>	

### Campus de Pontevedra

Código	Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%
P01G010V01	Grao en Belas Artes	130	140	107.69
P02G050V01	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	100	107	107.00
P04G071V01	Grao en Comunicación Audiovisual	45	53	117.78
P04G092V01	Grao en Dirección e Xestión Pública	25	20	80.00
P04G095V01	Grao en Dirección e Xestión Pública	20	19	95.00
P02G110V01	Grao en Educación Infantil	75	85	113.33
P02G120V01	Grao en Educación Primaria	75	89	118.67
P51G140V01	Grao en Enfermaría	50	51	102.00
P03G370V01	Grao en Enxeñaría Forestal	45	30	66.67
P52G381V01	Grao en Enxeñaría Mecánica	78	0	0
P05G171V01	Grao en Fisioterapia	50	54	108.00
P04G190V01	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	100	108	108.00

**Nº. de Prazas Ocupadas no Campus de Pontevedra :** 756

### Campus de Ourense

Código	Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%
O04G020V01	Grao en Administración e Dirección de Empresas	85	84	98.82
O01G041V01	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	45	50	111.11
O01G261V01	Grao en Ciencias Ambientais	45	45	100.00
O03G081V01	Grao en Dereito	50	61	122.00
O05G110V01	Grao en Educación Infantil	75	84	112.00
O05G120V01	Grao en Educación Primaria	75	90	120.00
O05G130V01	Grao en Educación Social	75	85	113.33
O51G140V01	Grao en Enfermaría	50	53	106.00
O07G410V01	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	50	63	126.00
O01G281V01	Grao en Enxeñaría Agraria	45	11	24.44
O06G151V01	Grao en Enxeñaría Informática	122	131	107.38
O05G220V01	Grao en Traballo Social	75	82	109.33
O04G240V01	Grao en Turismo	55	40	72.73
O02G251V01	Grao en Xeografía e Historia	40	60	150.00
O03G730V01	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	20	23	115.00
O06G711V01	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Enxeñaría Informática	6	7	116.67
O04G740V01	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia	10	9	90.00

**Nº. de Prazas Ocupadas no Campus de Ourense :** 978

**Total de Alumnos da UVIGO matriculados en estudos con Limite de Prazas:** 3777

**Total de Alumnos da UVIGO matriculados en estudos sen Limite de Prazas:** 0

**Nº. de Prazas Ocupadas na UVIGO :** 3777

### **3. Aprobación, se procede, de axustes nas modalidades de comezo da docencia para o curso 2020/2021.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer os axustes. Destaca os esforzos dos centros por manter a modalidade presencial na medida do posible. Recibiuse tres solicitudes. Dúas encaixan na idea de axustes. A primeira a este respecto é da Facultade de Belas Artes, que explica o vicerreitor (afecta só a dúas materias de todo o global). Propón aprobar este axuste. O segundo é da Facultade de Historia que ía comezar con presencialidade total en todos os cursos; manteñen a proposta agás en primeiro, dado o incremento da matrícula, pasando á modalidade mixta. Propón aprobala. Hai, así mesmo, unha solicitude do Máster de Educación Secundaria, inicialmente en modalidade mixta, para pasalo integramente a virtual, o que non supón un axuste, senón un cambio substancial. Á vista das razóns que xustifican, que concorren en outras titulacións, o vicerreitor propón non aprobalo, dado que o alumnado matriculouse no seu momento con outras expectativas.

O reitor expón que a proposta é aceptar as dúas primeiras e rexeitar a terceira. Indica que a que se refire á Facultade de Historia pode mudar ao longo do curso.

Mar García Señorán apoia que a terceira proposta sexa tamén aceptada, dadas as circunstancias que concorren na titulación ao tratarse dun máster intercampus, asumindo a decisión da comisión académica.

Emilio Fernández pregunta como sería a modalidade de docencia, dado o carácter intercampus da titulación. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que esa decisión quedou en mans dos centros. Emilio Fernández sinala que, en tal caso, non entende o agravio que plantexa a comisión académica e propón que, en lugar de rexeitalo, se pida que clarifiquen os problemas. O reitor recolle a proposta pero entende que, entre tanto, quedaría rexeitada para non prexudicar as expectativas do alumnado. O vicerreitor aclara que non tiñan noticia dos problemas co máster. Pregunta a Mar García Señorán se mantén a petición de votación e ela aclara que, simplemente, respecta a decisión da comisión académica. Mar García indica que non é precisa a votación. Emilio Fernández concorda coa proposta de non prexudicar aos estudantes, aínda que pide unha reflexión sobre se houbo algún erro de plantexamento inicial, polo que pensa que é necesario ter maior información ata que se aclare a situación para saber o que acontece

Apróbanse por asentimento os axustes propostos polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado.

### **4. Aprobación, se procede, das memorias para as solicitudes de verificación e modificación de títulos de máster e doutoramento.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer brevemente cales son as memorias recibidas, que son as seguintes:

Nº	MESTRADO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.	COORDINA.
1	Mestrado universitario en desafíos das cidades atlánticas	Facultade de Educación e Traballo Social	Verificación	SI	SI	NON

Nº	DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.	COORDINA.
1	Doutoramento en educación, deporte e saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Modificación	NON	NON	
2	Doutoramento en matemáticas e aplicacións	Eido	Verificación	SI	SI	NON
3	Doutoramento en ciencias sociais e envellecemento	Facultade de Educación e Traballo Social	Verificación	SI	SI	SI

Non houbo alegacións ás memorias e propónse que se aproben.

Apróbanse por asentimento as memorias para as solicitudes de verificación e modificación de títulos de máster e doutoramento.

**5. Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación da memoria para a solicitude de verificación do título de grao en relacións internacionais.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer brevemente a situación da memoria de relacións internacionais. Trátase dun título interuniversitario co Campus de Ferrol. Atópase aínda en exposición pública (rematará antes na Universidade da Coruña). Propónse a delegación na COAP por cuestións de prazos. O reitor aclara que se alguén o solicita celebrárase un Consello de Goberno extraordinario. Ninguén o solicita.

Apróbase por asentimento a delegación na COAP da aprobación da memoria para a solicitude de verificación de título de grao en relacións internacionais.

**6. Estimación, se procede, dos recursos de reposición contra o acordo do Consello de Goberno do 24 de marzo do 2020 polo que se establecen os criterios para a elaboración do POD para o curso 2020/2021.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer o contido do recurso. Trátase dunha distinción entre o profesorado asociado, facendo prevalecer aos doutores fronte aos non doutores. O informe da Asesoría Xurídica non é concluínte e a sentenza sobre un asunto parello tampouco impediría completamente a distinción. Existe, así mesmo, outro informe da Asesoría Xurídica en sentido contrario. Por outra banda xa se negociou coa representación sindical de cara ao futuro, facendo unha nova análise. Dado que afectaría aos PODs xa aprobados, propónse desestimar o recurso, xa que entra na potestade do Consello de Goberno.

Marta Pazos sinala que se deron moitas voltas á orde de prelación na mesa sindical e fai referencia á sentenza. Os asociados sinalan que a categoría é única e a representante indica que non debería

facerse a distinción. O reitor indica que asumirá o acordo da mesa sindical cara ao curso que ven a este respecto.

Emilio Fernández comenta o informe da Asesoría Xurídica a este respecto. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado explica o contido do outro informe. O secretario xeral aclara mellor o informe da Asesoría Xurídica indicando que na súa conclusión “parece dubidoso”. Comenta que ponderación de intereses debe prevalecer neste caso, dado que os PODs xa foran aprobados no momento en que se recibiu o recurso, aconsellan desestimar o recurso. O vicerreitor insiste na idea. O reitor propón a votación.

- ✓ 3 a favor do recurso
- ✓ 12 abstencións
- ✓ 25 en contra do recurso

Desestímase o recurso por maioría.

#### **7. Aprobación, se procede, da extensión da data límite de entrega de actas para TFG y TFM ata o 11 de decembro do 2020.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria que pasa a expoñer o contido da proposta. Sinala que é o mesmo que se fixo coas prácticas externas. Trátase dunha medida para non prexudicar ao alumnado. O reitor apoia o carácter da medida.

Susana Reboreda pregunta se os centros poderían sacar outra convocatoria de lectura. A vicerreitora aclara que si.

María José Ríos pregunta se pode haber problemas de solapamento de prazos cara aos centros. Natalia Caparrini aclara que non existe ese risco, dadas as características das actas de TFG y TFM.

Ángeles Peña pregunta se ten implicacións de cara á matrícula. Natalia Caparrini aclara que precisamente se fai para que non teña eses inconvenientes.

Apróbase por asentimento estender a data límite de entrega de actas para TFG y TFM ata o 11 de decembro do 2020.

#### **8. Aprobación, se procede, do programa de captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC).**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen comenta as liñas básicas do programa de captación de persoal investigación nas convocatorias do ERC.

A convocatoria ten como obxecto a convocatoria de prazos de captación de talento, como persoal laboral temporal, de persoal investigador doutor que resultara adxudicatario dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC), Starting Grant, Consolidator Grant ou Advanced Grant.



O salario bruto anual estará en liña co das diversas categorías de profesorado universitario. A parte da retribución salarial, tamén se poderá estipular unha asignación económica, en concepto de gastos de execución da liña de investigación proposta. Unha vez transcorridos os cinco primeiros anos de contrato, poderá promoverse a renovación deste, por períodos adicionais de cinco anos de duración, sempre que se supere satisfactoriamente o pertinente proceso de avaliación de resultados. O contrato interromperase no caso da consecución dun contrato do Programa Oportunius, que se deben comprometer a solicitar as persoas aspirantes, e retomarse no caso de que este finalice.

As persoas aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos para seren admitidas:

- ✓ Ter o título de doutor/a
- ✓ Ser adxudicatario/a dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC), Starting Grant, Consolidator Grant ou Advanced Grant na convocatoria de 2020
- ✓ Ter publicados artigos de investigación nas revistas Nature ou Science e artigos en revistas do primeiro decil (60 %)
- ✓ Ter participado ou ser investigador/a principal de proxectos internacionais obtidos en convocatorias competitivas de financiamento (15 %)
- ✓ Ter formado parte como membro do comité científico de congresos internacionais ou participado en congresos por invitación (15 %) Reit
- ✓ Ter pertencido ao consello editorial de revistas de investigación relacionados coas súas liñas de investigación ou ser revisor/a habitual de revistas internacionais de prestixio (10%)

O reitor salienta os esforzos que están a facer os investigadores e o equipo de goberno neste eido e o agradece.

Apróbase por asentimento o programa de captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC).

### **9. Aprobación, se procede, da convocatoria 2020 do programa de captación de talento investigador de excelencia.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que sinala as liñas do programa de captación de talento investigador de excelencia.

A captación de HCR permite acadar niveis de excelencia para ascender nos ránking, xa que é un criterio considerado no ránking de Shangai. Estes investigadores/as adoitan captar máis proxectos internacionais e publicar en revistas de prestixio (Nature, Science).

O programa ofrece un contrato de tres máis dous anos de duración a tempo completo, na modalidade de investigador/a distinguido/a prevista no artigo 23 da Lei 14/2011, do 11 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, coas seguintes características:

- ✓ Salario de contratado/a doutor/a.
- ✓ Unha vez transcorridos os cinco primeiros anos de contrato, poderá promoverse a súa renovación, por períodos adicionais de cinco anos de duración, sempre que se supere

satisfactoriamente o pertinente proceso de avaliación de resultados conforme ao sinalado na base novena e sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

Como requisitos figuran os seguintes:

- ✓ Posuír o título de doutora ou doutor
- ✓ Posuír un mínimo de cinco anos de experiencia posdoutoral de carácter internacional nun centro de coñecemento de fóra de España
- ✓ Estar incluído/a na última listaxe de investigadoras e investigadores altamente citados publicada por Thomson Reuters en calquera categoría científica (<https://hcr.clarivate.com/>)

En canto á formalización das solicitudes requírese:

- ✓ Formulario de solicitude, cuberto en inglés segundo o modelo anexo, incluídos os datos persoais e profesionais cunha listaxe dos cinco méritos máis relevantes
- ✓ Currículo da persoa candidata en inglés (máximo 15 páxinas)
- ✓ Datos de contacto de catro persoas que poidan dar referencias profesionais
- ✓ Un mínimo de dous e un máximo de catro cartas de referencia en inglés. Pódenselles solicitar ás persoas de contacto indicadas no punto anterior ou a outras
- ✓ Un resumo da liña de investigación que se pretende desenvolver na Universidade de Vigo (máximo 2000 caracteres)

Como criterios de valoración inclúense:

- ✓ Ter publicados artigos de investigación nas revistas Nature ou Science e artigos en revistas do primeiro decil (40 %). Terase en conta a posición da sinatura do candidato/a nas publicacións e valorarase a ocupación de posicións relevantes e que as citas non estean concentradas nun pequeno número de artigos
- ✓ Ser beneficiario/a ou ter sido finalista dunha das convocatorias do European Research Council (ERC): Starting Grant ou Consolidator Grant (20 %)
- ✓ Ter participado ou ser investigador/a principal de proxectos internacionais obtidos en convocatorias competitivas de financiamento (15 %)
- ✓ Ter formado parte como membro do comité científico de congresos internacionais ou participado en congresos por invitación (15 %)
- ✓ Ter pertencido ao consello editorial de revistas de investigación relacionados coas súas liñas de investigación ou ser revisor/a habitual de revistas internacionais de prestixio (10 %)

O reitor pensa que debemos apostar por este tipo de política e agradece a labor da mesa sindical a este respecto.

Apróbase por asentimento o programa de captación de talento investigador de excelencia.

## **10. Aprobación, se procede, da creación do comité de asesoramento sobre a COVID-19 e do sistema de selección dos seus membros.**

O reitor expón as funcións que terá o comité e cal é o sistema previsto para a selección dos seus membros. Sinala que traballaría para asesorar ao reitor avaliando a situación e propoñendo medidas cara á COVID-19. Comenta as máis inmediatas que haberá na Universidade para evitar os contaxios. Será pequena e composta por: o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, a vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, a Xerencia, un representante do SPRL (aos que agradece a súa xestión nestas circunstancias), un representante de PDI, outro de PAS e outro de alumnado, os dous primeiros propostos polos sindicatos. O representante do alumnado sería elixido polos membros alumnos no Consello de Goberno. Nos tres casos de representación habería suplentes. Irán achegando os nomes dos representantes.

Jesús Rico Fuentes, representante do alumnado, pregunta a diferenza entre este comité e o que xa existía. O reitor sinala que ambos serán complementarios. Este estudará fundamentalmente os datos que se van recibindo de cara ás propostas necesarias.

Apróbase por asentimento a creación do comité de asesoramento sobre a COVID-19.

## **11. Quenda de intervencións.**

O reitor abre a quenda de intervencións.

Marta Pazos pregunta se se debe propoñer a unha persoa para o comité ou a un conxunto de persoas. O reitor indica que debería haber relevo, podendo incluso mudalo cada certo tempo; pero que depende do que decida cada sector.

José Manuel Cruz comenta no chat: “espero que a experiencia da docencia “mixta” a partires da semana próxima, sexa mellor que a experiencia nos Consellos de Goberno. Cando era 100% presencial ou 100% telemática todo funcionaba perfectamente.... pero na modalidade “mixta” creo que temos bastante marxe de mellora”.

Antonio Collazo pregunta sobre as aulas integra se na Escola de Enxeñaría Industrial vai a haber a dotación prevista (500 ordenadores e 500 tablets). O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, aínda que o reitor comprométese a traer unha listaxe ao próximo Consello de Goberno. Jose Luis Míguez aclara cales foron as peticións do centro e indica que tentábase cubrir todo, tanto para o primeiro como para o segundo cuatrimestre. Antonio Collazo lembra unha petición relativa ao complemento da partida orzamentaria 625, xa tratada por Xosé Manuel Cruz nunha reunión anterior, e pregunta se se podería adiantar ese gasto xustificándoo para facer fronte aos problemas xerados pola COVID-19. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade sinala que a devandita partida se cubrirá cando o diñeiro estea dispoñible e aclara certas cuestións relativas á ventilación do centro. Antonio Collazo insiste en se se adiantará o gasto, puntualizando que se trata dunha partida deste curso e o Vicerreitor resposta que, en principio, non será así. O reitor comenta as negociacións a este respecto que se están a levar a cabo coa Xunta respecto das cantidades e declárase optimista ao respecto. Lembra que recuperaremos a partida 625 na medida da dispoñibilidade orzamentaria, sempre que teñamos a garantía de que

recibiremos os cartos. José Manuel Cruz lembra que non é un mero compromiso do reitor, senón un acordo do Consello de Goberno. Manuel Ramos sinala no chat o contido do dito acordo: “polo tanto, na medida das posibilidades orzamentarias, os presupostos dos laboratorios docentes non se verán minguados e autorizarase incorporar aquel equipamento e aquel material que permita adaptarse ás novas condicións sanitarias”. E comenta que “agora mesmo chegouse ata onde permiten as posibilidades orzamentarias actuais”. O reitor diferencia entre o seu compromiso persoal e o acordo, indicando que son diferentes, aínda que complementarios e indica que así se reflectiu nas actas e nas gravacións do Consello de Goberno. Reitera o seu compromiso.

Luis Pérez, sobre o comité COVID, solicita que se mande ás representacións sindicais a petición. En canto ás PCRs, que se entregarán ás conserxerías, comenta que recibiu protestas a este respecto e quere deixar constancia, dado que pensa que non é o lugar mais acaído considerando o comezo do curso. O reitor aclara que recolleranse nas conserxerías a disposición do persoal, non haberá, en principio unha distribución. Luis Pérez aclara mellor a súa intervención indicando que so fala para crear o menor conflito posible. Raquel Souto, a xerente, comenta como se xestou o asunto da entrega e recollida dos tubos, mediante anotación da persoa que o recolle. O problema foi a recollida por parte do persoal de conserxería. Estase a estudar o mellor procedemento de recollida. Pensa que non debería haber problemas.

Juan Jesús Rico Fuentes comenta que o Consello de Goberno debería ser exclusivamente presencial. Móstrase inquieto pola garantía de presencialidade, sobre todo para alumnado de segunda matrícula. Prega que se teñan en conta os problemas técnicos que poden acontecer na docencia. Di que o armazón normativo de medidas loxísticas restritivas para o alumnado incluídas en certos protocolos debe ser aplicado con sentido común (incluíndo a prohibición de levar barba). O reitor aclara que as xuntanzas deben ser non presenciais na medida do posible, segundo recomendacións do goberno, e descúlpase por adiantado polos atrancos técnicos que poida haber cara ao futuro inmediato. Tamén solicita ao alumnado que reporte todas as incidencias co alumnado de segunda matrícula que poidan xurdir.

Mar García Señorán comenta os problemas co estudantado do practicum para que se lle dean as maiores facilidades, cara a celebración das probas da COVID, dado que se trata de moitos estudantes. O reitor comenta que os estudantes en prácticas iran na primeira semana. Explica como será o proceso para facer a proba. Estase a xestionar polas tres Universidades que as probas se fagan no SERGAS. Mar García pregunta se será a próxima semana e o reitor aclara que será mais ben a seguinte.

Daniel Couto Cancela comenta os problemas co uso de certos espazos e prega que cando se volva á normalidade se restitúa o uso normal dos mesmos. Indica certas incidencias acaecidas nas presentacións das materias en distintos centros das que tivo noticia e pide a opinión do reitor, sobre todo cara a efectiva garantía da presencialidade. Cre que se debe aprender dos erros e non xogar coa saúde das persoas, facendo un chamamento á responsabilidade. O reitor sinala a primacía do Consello de Goberno como órgano máximo. Agarda que, unha vez rematada a pandemia, se recuperen os usos dos espazos, aínda que sen descartar un reordenamento que o optime. Comenta os esforzos feitos polos centros e, asemade, pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade de cara a garantir a presencialidade e sinala as peculiaridades que ten a docencia en clase nestas circunstancias, para neutralizar os posibles contaxios. O esforzo farase sobre todo en primeiro, considerando no entanto o problema que plantexa o alumnado de segunda convocatoria. José Luis Míguez comenta que “se trata de un gran colectivo en el que es prácticamente imposible



que no se produza algún positivo. Ya decidirán las autoridades sanitarias lo que acontece en ese caso”. Daniel Couto agradece as aclaracións e as transmitirá ás delegacións de alumnos. O reitor pensa que debemos ser máis esixentes que os protocolos que manexa a Consellería de Sanidade. Destaca a responsabilidade do alumnado da Universidade de Vigo.

Juan Pardo comenta que os grupos de alumnado deberían axustarse máis a la realidade, sobre todo en determinados centros, dadas as circunstancias. Preocúpalle a nova matrícula, dado que a oferta de prazas debe axustarse mellor ás inicialmente previstas, buscando un equilibrio entre unha docencia de calidade e a apertura do número de prazas. Finalmente comenta certas cuestións que lle preocupan relativas á optimización de espazos (autobuses, cafeterías, aulas, etc...) e pensa que tal vez poñémonos maiores trabas a este respecto das que deberíamos, pedindo mellor colaboración e coordinación para garantir a eficiencia. José Luis Míguez agradece os esforzos do director da Escola de Enxeñaría Industrial, pero entende que non se poden mesturar as normas internas de organización coas que recibimos do Ministerio ou da Xunta, na que no podemos influír.

Juan Pardo xustifica as razóns que o levan a trasladar estas cuestións. O reitor explica certas motivacións que levaron a tomar as medidas que se adoptaron en relación co uso dos espazos, para evitar os contaxios.

O reitor remata pedindo a colaboración de todos e todas cara sacar adiante un ano especialmente complexo e ponse a disposición para recibir suxestións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:05 h. do día 18 de setembro de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral